



**Praza número: 25/3006**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a**

**Dedicación: Tempo Completo**

**Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal**

**Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación**

**Centro: Facultade de Ciencias da Educación**

Vista a proposta formulada pola comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza indicada do 15.10.2025, e visto así mesmo o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa sesión do 17/10.2025, polo que se ratifica a devandita proposta da comisión de selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D<sup>a</sup>. APOLINAR GRAÑA VARELA**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

### **FAGO CONSTAR:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 17 de outubro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

#### **Praza: 25/3006**

Categoría: Axudante doutor

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Educación

Tras analizar a documentación da praza 25/3006, as reclamacións presentadas por D.<sup>a</sup> Yolanda Escalante González e D. Miguel Lorenzo Martínez, os informes emitidos pola Comisión de selección, o último deles asinado con data de 15/10/2025, a Comisión de Reclamacións quere facer constar que:

1. A Comisión de reclamacións actúa como garante da aplicación da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno na súa reunión de 7/11/2024). É o seu deber solicitar da Comisión de selección a rectificación dos incumprimentos ou dos desvíos na súa aplicación que puidesen producirse para dar resposta ás reclamacións presentadas contra as propostas de provisións das prazas de profesorado laboral, sen prexulgar o seu carácter.
2. As solicitudes da Comisión de reclamacións á Comisión de selección teñen como obxecto garantir a resolución do procedemento conforme á normativa vixente na UDC, e no menor prazo posible, para que as necesidades docentes que motivaron a convocatoria da praza poidan ser atendidas.

Unha vez que a Comisión de selección atendeu os requirimentos realizados por esta Comisión de reclamacións, a Comisión de reclamacións acorda:

1. Ratificar a proposta de provisión asinada con data 15/10/2025.
2. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado  
Teresa López Fernández

**Praza número:** «25-3006

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Ayudante doctor

**Dedicación:** tempo completo

**Área de coñecemento:** Didáctica de la Expresión Corporal

**Departamento:** Departamento Didácticas Específicas. Métodos de investigación y Diagnóstico en Educación

**Centro:** «Facultad de educación»

### PROPOSTA DA COMISIÓN

Despois de constituírse a comisión que se designou para o efecto, segundo a acta que se acompaña e unha vez que se examinaron e valoraron os méritos e circunstancias que concorren en cada unha das persoas aspirantes ao concurso que arriba se indica, esta comisión acorda por **X UNANIMIDADE** / ☐ **MAIORÍA** facer a seguinte proposta de asignación da praza, pola orde de prioridade que se indica:

| Nº. de orde | Apelidos e nome              | Puntuación |
|-------------|------------------------------|------------|
| 1           | Graña Varela, Apolinar       | 45,534     |
| 2           | Lorenzo Martínez, Miguel     | 44,531     |
| 3           | Escalante González, Yolanda  | 36,394     |
| 4           | Ruibal Lista, Brais          | 31,935     |
| 5           | Varela Sanz, Adrián          | 30,558     |
| 6           | Mandinabeitia Mancebo, Elena | 27,069     |
| 7           | Vázquez Coto, Manuela        | 26,919     |
| 8           | Moreno García, Gemma María   | 26,180     |
| 9           | López López, Claudia         | 20,160     |

Na Coruña a 15 de outubro do 2025

A presidencia da comisión

